

A Terra

A Terra é o 5º planeta máis grande do Sistema Solar.

É o 3º planeta máis próximo ao Sol.

É un dos planetas interiores ou rochosos con Mercurio, Venus e Marte.



A Terra ten forma de esfera aínda que está achatada polos polos.

A maior parte da superficie da Terra está cuberta por auga

e o resto da superficie por terra firme

que forma os continentes, as montañas ou as illas .

A Terra tamén se lle coñece como Planeta Azul,

porque o 75% da súa superficie é auga,

principalmente mares e océanos.

Os romanos déronlle o nome de Terra.

A Terra é o único lugar do Universo

onde hai vida. Non ten aneis.

Ten un satélite natural chamado Lúa .

A Lúa xira arredor da Terra e é responsable das mareas.

As mareas son o movemento do mar ao longo do día.

Un día na Terra dura 24 horas e un ano 365 días e 6 horas.

Esas 6 horas acumúlanse e cada 4 anos engádese un día o mes de febreiro.

Ese ano chámase bisesto.

AS CAPAS DA TERRA


A Terra está dividida en tres partes:

1. A atmosfera

2 A hidrosfera

3 A xeosfera

1. A atmosfera



É a capa gasosa da terra.

A atmosfera envolve ao planeta.

A atmosfera protexe a terra das radiacións daniñas do Sol.

Os principais gases que forman a atmosfera son o nitróxeno e o oxíxeno.

A atmosfera a súa vez está dividida en diferentes capas.

Na capa máis próxima a Terra danse os fenómenos atmosféricos coma choiva, neve e outros. Nesta capa tamén voan os avións.


Na capa máis afastada están os satélites e a Estación Espacial Internacional.

2. A hidrosfera


É a capa da Terra onde se atopa auga

A auga pode estar :


- en estado sólido como na Antártida.
- en estado líquido como nos mares, océanos, ríos e lagos.
- ou gaseoso como no vapor de auga



hidrosfera



sólido



Antártida

3. A xeosfera



xeosfera


A xeosfera é a parte sólida da Terra.

A xeosfera está dividida en tres capas.

A capa exterior chámase codia

A capa media chámase manto

E a capa central chámase núcleo.



Na codia están os continentes, as illas e o fondo mariño.

O manto está debaixo da codia.

O manto está formado por rochas sólidas ou en estado líquido (tamén chamado magma).

O magma as veces sae a superficie da terra a través dos volcáns.

O núcleo é o centro da Terra.

O núcleo ten dúas partes :

a parte interna formada por ferro e níquel

a parte externa que é máis líquida.

A temperatura no núcleo é moi alta.

SATÉLITES

A Lúa é o único satélite da Terra

A Lúa é catro veces máis pequena que a Terra.

A Lúa está cuberta por cráteres e po.

A Lúa xira arredor da Terra.



Tarda 28 días en dar unha volta completa.

A Lúa vaise movendo

e pasa por diferentes fases.

Esto quere dicir, que a súa forma varía,
dependendo da parte que ilumina o Sol.

Veremos a Lúa en catro formas diferentes,
dependendo da parte que ilumina o sol.



fases lunares

Lúa nova:

A lúa está situada entre a Terra e o Sol

Non a vemos no ceo.



Cuarto crecente:


Vemos un cuarto da Lúa

que crece ata que parece a letra D.



Lúa chea:

Podemos ver a Lúa completa



Cuarto minguante:

A Lúa faise cada vez máis pequena
ata semellar a letra C.



Curiosidade:

A primeira persoa en poñer un pé na Lúa
foi o astronauta, de Estados Unidos, Neil Armstrong no ano 1969.
Precísanse catro días para chegar a Lúa en nave espacial.

MOVEMENTOS

O noso planeta, a Terra, está en constante movemento.

A Terra sempre se está movendo.

Hai dous movementos ao mesmo tempo:

1. Rotación
2. Translación

ROTACIÓN

A Terra xira sobre si mesma nun eixe imaxinario
que está un pouco inclinado
en dirección contraria ás agullas do reloxo.
A Terra tarda 24 horas
en dar unha volta completa sobre si mesma.



Chamámoslle rotación ao movemento que a Terra fai sobre si mesma
e da lugar o día e a noite.


Mentres xira:

- na parte da Terra que dá o sol , e de día
- na parte da Terra que non dá o sol é de noite.

TRANSLACIÓN


Chamámoslle translación o movemento da Terra
arredor do Sol.

A Terra tarda 365 días
en dar unha volta completa ao Sol
Trescentos sesenta e cinco días é un ano.




translación

O camiño que recorre a Terra chámase órbita.
A órbita ten forma de elipse.
A este movemento chámase translación.



O movemento de translación
da lugar ás estacións do ano:

- Primavera
- Verán
- Outono
- Inverno



Como a Terra está lixeiramente inclinada,
segundo vai dando a volta arredor do Sol,
hai partes do planeta que reciben máis luz solar ca outras
por iso vai máis calor ou menos calor ao longo do ano.

Os días tamén son máis longos nunhas estacións que noutras.

Por exemplo:

no verán os días son máis longos e as noites máis curtas,
e no inverno as noites son máis longas e os días máis curtos.



Sabías que

cando en España son as 12 de mediodía,
xa é de noite en Australia?

Sabías que cando comeza o verán
no hemisferio norte

Lembra os puntos cardinais:

- Norte
- Sur
- Leste
- Oeste



PARALELOS

Para localizar un lugar no noso planeta empregamos dúas medidas

Estas medidas son **lonxitude** e **latitude**.

As dúas mídense en graos.



As **liñas de latitude**

tamén se chaman **paralelos**.

Son liñas imaxinarias circulares

que recorren dende o Leste ao Oeste da Terra.

A latitude é a distancia en grados dende o **Ecuador**.

Hai 90º dende o Ecuador ao Norte

e 90º dende o Ecuador ao Sur.

Galicia está na latitude Norte

e Arxentina na latitude Sur.


MERIDIANOS

As **liñas de lonxitude**

tamén se chaman **meridianos**.

Os **meridianos** son liñas
imaxinarias


que van dende o Polo Norte
o Polo Sur da Terra.



A lonxitude é a distancia en grados
dende o meridiano 0º.

O meridiano 0º chámase
Meridiano de Greenwich.

Dende o Meridiano de Greenwich
hai cento oitenta grados cara ao
leste
e cento oitenta grados cara ao
oeste.



Galicia está na lonxitude oeste
e Australia na leste.

FUSOS HORARIOS

Lembra que:

a Terra xira sobre si mesma
e tarda vinte catro horas
da unha volta completa.

Mentres a Terra xira
cambia o momento do día e da noite
en cada lugar do noso planeta .

Os **fusos horarios**



“Un robot no Universo”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)

creáronse para saber que hora é nos distintos lugares da Terra.

Os fusos horarios son divisións imaxinarias da superficie da Terra.


Cada división corresponde a unha rexión na que a hora é a mesma.

Hai 24 fusos horarios porque un día ten 24 horas.

A Terra divídese en 24 fusos horarios.

O punto de partida é o **meridiano de Greenwich**

tamén chamado **meridiano 0**.



Cara ao leste (E) sumamos unha hora por fuso horario


Cara ao oeste (O) restamos unha hora por cada fuso horario.

Por exemplo:

Se en Oporto son as 12 do mediodía

en Santiago de Chile son as 7 da mañá

pois restamos cinco fusos horarios dende o meridiano 0.



En Tokio son as 21.00h porque sumamos 9 fusos horarios

dende o meridiano de Greenwich.

As imaxes utilizadas neste documentos pertencen a Arasaac cunha licenza Creative Commons (BY-NC-SA)